

CARTA DUNHA ÁRBORE

Queridos nenos e nenas:

Sabiades que?

As árbores somos o pulmón da Terra, capturamos o CO₂ e purificamos o aire producindo osíxeno, diminuindo o efecto invernadoiro e combatendo o cambio climático. Ademais diso, o chan é fértil grazas a nós, evitamos a erosión, mantemos os ríos limpos e somos o refuxio de moitos seres vivos... por iso é preciso que me prestedes atención.

Eu son unha árbore que tivo moita sorte, non como moitos dos meus familiares e amigos que foron queimados ou tallados durante moitos anos...

Un dos motivos que producen estes incendios, entre outros, é a falta de limpeza nos nosos bosques, o vidro, por exemplo co seu efecto lupa é un dos maiores residuos que pode xerar un incendio xa que os raios do sol pasan a través del e este actúa como un embude solar canalizando a enerxía, e se a calor entra en contacto cun material inflamable, como as follas caídas e secas das árbores fai que se poda producir un lume inmediato.

Escribovos para pedirvos un microrrelato.

E preguntarédesvos *como podo facelo*...

Pois veredes, encantaríame que entre todos e todas creedes un **"CONTO DESDE A COPA DA ÁRBORE"**.

Seguide estes pasos!

1. Pensa nun animal ou elemento natural.
2. Pensa nunha cousa que lle pode pasar a ese animal ou cousa, unha anécdota ou unha aventura.
3. Pensa como acabaría esa anécdota, agora é o momento de escribilo nun papel.
4. Fai un debuxo que acompañe á túa pequena historia.

Moitísimas grazas!!

Unha árbore!

